

## INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS – COVID – 19

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CANGAS, con dirección en CASTELAO Nº 2, 36940 CANGAS (PONTEVEDRA); [info@cangas.gal](mailto:info@cangas.gal).

**1.- dpo:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE CANGAS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [info@cangas.gal](mailto:info@cangas.gal).

**2.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para garantir a seguridade xeral e das persoas no marco da situación provocada polo COVID – 19.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo estrictamente necesario para cumprir ca finalidade para o que son recollidos, que neste caso é un mes e en todo caso, mentres non houbera transcorrido o prazo de prescripción de posibles accións de responsabilidade derivadas do tratamento.

**3.- lexitimación:** O tratamento de datos está lexitimado polo Artigo 6.1.d) do RGPD, que establece que o tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou de outra persoa física, así como o 6.1.c) no que se indica que o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obligación legal aplicable ao Responsable de tratamento.

Así mesmo, o Considerando 46 do mesmo texto legal establece que o tratamento de datos persoais tamén debe considerarse lícito cando sexa necesario para protexer un interese esencial para a vida do interesado ou a de outra persoa física. En principio, os datos persoais unicamente deben tratarse sobre a base do interese vital de outra persoa física cando o tratamento non poida basearse manifestamente nunha base xurídica diferente. Certos tipos de tratamento poden responder tanto a motivos importantes de interese público como a os intereses vitais do interesado, como por exemplo cando o tratamento é necesario para fins humanitarios, incluído o control de epidemias e a súa propagación, ou en situacións de emerxencia humanitaria, sobre todo en caso de catástrofes naturais ou de orixe humano.

**4.-destinatarios de cesións:** O CONCELLO DE CANGAS non cederá os seus datos persoais salvo por obrigación legal ou previo requirimento das autoridades sanitarias.

**5.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE CANGAS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en [info@cangas.gal](mailto:info@cangas.gal), sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: [www.aepd.es](http://www.aepd.es)
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17